

CASA MONCHO

Doctor Cadaval, 34
36204 Vigo, Pontevedra
Teléfono: 986 483 478



INFORMACIÓN XERAL

O tramo de rúa no que se atopa ten pouca pendente, pero na contorna existen pendentes elevadas dada a orografía desta zona da cidade.

Atención ao público e outra información de interese

- Dentro da carta dispón de pratos para celíacos, diabéticos e vexetarianos.
- A carta está redactada con letra pequena, non dispoñen de carta alternativa con textos en maior dimensión, fotos ou braille.
- Non dispoñen de persoal con coñecemento da lingua de signos.
- Permítese o acceso con can guía e/ou asistencia.
- Non dispoñen dun plan de evacuación para persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- Rúa secundaria pero ben comunicada dentro do centro da cidade. Existe pouca praza de aparcadoiro en superficie na zona, pero nun radio de 200m podemos atopar polo menos 3 aparcadoiros.
- Xunto a zona peonil, contornas reformadas nalgúns tramos, pero as características de pavimentos e anchos de beirarrúas son boas.
- Existe un chanzo illado de entre 7 e 13cm no acceso, que se resolve mediante unha rampla que se instala ao abrir o local. No momento da revisión non dispoñían dela por ser roubada.
- Porta dobre de madeira e vidro contrastada coa contorna. Ancho de paso libre de cada folla de 73cm.
- Existe un corredor de ancho maior de 150cm que comunica a entrada con barra e zonas de comedor.
- Barra a unha soa altura de 110cm de fácil identificación. Non dispón de sistema de indución magnética.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- Colocada fronte á porta, comunicada por corredor de ancho maior de 150cm.

Características

- Non existen desniveis no itinerario.

- Pavimento continuo contrastado co plano horizontal de mesas e barras. Carece de encamiñamento ou parede que facilite a orientación a usuarios de bastón branco.
- Barra cunha única altura de 110cm. Asento móbiles, altos e con respaldo xunto á barra.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- Ambos os comedores conectados a través dun corredor dun ancho de 133cm, cun estreitamento de 107cm pola situación de mesas de apoio.

Características

- Un dos salóns dispón dun banzo 17cm xunto ao acceso.
- Pavimento continuo e contrastado con paredes.
- Mesas cadradas e rectangulares con catro patas, 78cm de alto e 64cm de oco baixo a mesa.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- Acceso á zona de aseos fronte á barra, conectado co corredor que comunica todos os espazos. En tramo que comunica coas cabinas estréitase por mobiliario, con ancho de xiro fronte ao feminino de 80cm.
- Dispón de cabina de aseos masculina e feminina, ambas as adaptadas.

Entrada ao aseo

- Sinalizadas mediante pictograma non normalizado de 10cm de diámetro a unha altura de 170cm.
- Porta corredía con ancho de paso libre de 77cm. Apertura mediante uñeiro integrado dentro do canto da porta, a unha altura de 100cm.

Cabina

- Cabina con sensor para o control de iluminación.
- Non dispón de sistema de alarma.

Lavabo

- Dentro da cabina, con billa monomando centrado.
- Espazo inferior de 76x78x53cm (alto x ancho x fondo) e unha altura de 83cm.
- Espello fixo a 120cm de altura.
- Dispón de xaboeira e seca mans a unha altura de entre 70 e 120cm.

Inodoro

- Espazo de aproximación frontal maior de 120cm.
- Dispón de dobre espazo de transferencia con ancho maior de 80cm. Barra abatible soamente no lado dereito en ambos os aseos. Altura de barra de 80 e 64cm.
- Altura de asento de 43cm
- Mecanismo de descarga mediante pulsador de 3cm sobre a cisterna, difícil activación co puño pechado.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.

SALÓN COMEDOR

Características

- Iluminación homoxénea e suave.
- Mesas e cadeiras con cor contrastada coa contorna.

Aseos

- Elementos con pouco contraste cromático coa contorna.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades auditivas.

SALÓN COMEDOR

- Dispón de carta escrita con letra de pequena dimensión.
- Non dispoñen de persoal signante se nin zona de indución magnética.

ASEO

- Carece de pasador fixo con sistema de identificación de libre/ocupado.
- A porta carece de parte inferior libre.